



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXI Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2018

Cursos de verán de lingua e cultura galegas destinados a persoas de fóra de Galicia

Cinema e literatura galega (Nivel Superior)

Dolores Vilavedra, profesora de literatura galega da USC

OBXECTIVOS

- Obter unha visión panorámica da relación entre cine e literatura galega, dende unha perspectiva diacrónica, tentando entender a singularidade desa relación como froito do contexto social e cultural no que se foi desenvolvendo.
- Propiciar un achegamento, por medio dos filmes, a un abano de obras paradigmáticas da narrativa galega.

CONTIDOS

- Historia do cinematógrafo en Galicia. Algúns datos.
- O comezo do diálogo entre cine e literatura galega: de “La tragedia de Xirobio” a “O pai de Migueliño”.
- “Sempre Xonxa”, un filme pioneiro.
- De “La parranda” a “A esmorga”.
- “Romasanta”, ou como facer unha adaptación comercial.
- “Trece badaladas” e Santiago de Compostela.
- Manuel Rivas a través das pantallas: “A lingua das bolboretas”, “O lapis do carpinteiro” e “Todo é silencio”.
- “A praia dos afogados” de Domingo Villar ou como xogar cos estereotipos.
- O tema do cine na narrativa galega: de *Ilustrísima* a Miguel Anxo Fernández.
- Outras experiencias cinematográficas galegas.



GALEGO SEN FRONTEIRAS

XXXI Edición dos Cursos de lingua e cultura galegas

2-24 de xullo de 2018

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Cabo Villaverde, J.L. e M. A. Fernández (2008): *Dicionario do cine en Galicia (1896-2008)*. Foro Galego do audiovisual.

Fernández, M. A. (coord.) (2007): *Rodado en Galicia (1916-2008)*. Foro Galego do Audiovisual e Consorcio Audiovisual de Galicia.

Fernández, M. A. (2010): "O cine e o audiovisual" en V. Fernández Freixanes e A. Meixide (eds.): *O capital da cultura. Unha achega ás industrias culturais de Galicia*. Fundación CaixaGalicia.

VV. AA. (2014). "25 anos de cine en Galicia". Monográfico da revista *Grial*, nº 204.

VV. AA. (2014). *Cine Galicia25*. Catálogo da exposición homónima. Xunta de Galicia-Fundación Cidade da Cultura.

AVALIACIÓN

A asistencia e participación contarán nun 60%. O restante 40% da cualificación fixarase a partir dun traballo. O alumnado poderá escoller entre dous modelos posibles:

- Un ensaio que recolla a valoración de conxunto que o/a alumno/a fai, a partir do comentado nas sesión académicas, da relación entre cinema e literatura galega, da importancia e singularidade desa relación.
- Un comentario dunha adaptación fílmica dunha obra literaria galega, ou dalgunha obra emblemática da cinematografía galega. O filme para comentar será seleccionado de mutuo acordo entre a profesora e a/o alumna/ o interesado, preferiblemente entre os que se pasen como actividade complementaria do seminario (aínda que non obrigatoriamente).

A extensión mínima dos traballos será 3.500 caracteres CON espazos; a máxima, 10.000.